

Por Resolución desta concellería de data 31/01/2022 acordouse:

- Aprobar a convocatoria dirixida a entidades xuvenís para solicitar a cesión dun espazo de xestión social na Casa da Xuventude.
- Aprobar a apertura do prazo para dita convocatoria dende o 7 de febreiro ao 8 de marzo de 2022 (30 días naturais).
- Aprobar a publicación desta convocatoria no Taboleiro de anuncios e na páxina web (www.ferrol.gal/sede electrónica/Taboleiro de anuncios) do Concello de Ferrol.”

Resultando que no Taboleiro de Edictos do Concello a convocatoria publicouse o día 7 de febreiro pero a publicación na páxina web (www.ferrol.gal/sede electrónica/Taboleiro de anuncios) non foi ata o día 8 de febreiro, co fin de garantir o prazo de 30 días naturais, pola presente,

VEÑO EN DISPOÑER: A modificación da Resolución de data 31/01/2022, ampliando 1 día o prazo da convocatoria, quedando polo tanto do seguinte xeito:

- Aprobar a apertura do prazo da dita convocatoria dende o día 7 de febreiro de 2022 ata o día 9 de marzo de 2022.

O manda e asina a Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, en virtude da Resolución da Alcaldía do día 08/07/2019 (BOP número 137 de 22/07/2019) no Concello de Ferrol o día da data da sinatura electrónica.

A Concelleira

Dou fe,
O Secretario Xeral